## OBXECTIVOS

Hai case un decenio que a Área de Lingüística Xeral da USC comezou a organizar as *Xornadas de Lingüística Aplicada*, que arestora acadan a súa oitava edición. Esta, ao igual que todas as anteriores, nace da convicción de que os lingüistas poden e deben implicarse no estudo (e na resolución) de todos os problemas *reais* que atanxen á comunicación verbal humana. Cabería, pois, dicir que as nosas *Xornadas* teñen como lema aquel adaxio que Roman Jakobson acuñara a mediados do século pasado: "Linguista sum et nihil linguistici a me alienum puto". O que anima, en fin, as *Xornadas de Lingüística Aplicada* é un espirito aberto, integrador, inimigo de exclusivismos e de querelas fútiles entre especialidades. Aspiramos a promover a colaboración interdisciplinar e, asemade, a recoller os seus froitos.

Nesta ocasión temos o pracer de contar coa presenza de dúas especialistas ubicadas en disciplinas diversa e, non obstante, complementarias, chamadas a entenderse: a lingüística e a psicoloxía. Asistir as súas conferencias, amais dunha experiencia enriquecedora, será unha nova oportunidade para comprobar como dúas *familias* de investigadores noutrora separadas están agora cinguidas polo común propósito de comprender cabalmente a realidade lingüística e intervir nela cando sexa necesario.

USC Facultade de Filoloxía

FACULTADE DE FILOLOXÍA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC Universidade de Santiago de Compostela

# Xornadas de Lingüística Aplicada 2008

12 de marzo - 28 de marzo de 2008

Facultade de Filoloxía

***http://www.usc.es/koine/xornadas_index-gl.html***

**Comité organizador**

*Grupo Koiné*

(Área de *Lingüística Xeral*)
Dpto. de Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral

# Programa

MÉRCORES 12 DE MARZO (16:30 -17:30)
—SALÓN DE ACTOS—

*Conferencia*
**Dra. Beatriz Gallardo Paúls**
*(Universitat de València)*

"Las marcas lingüísticas de la teoría de la mente: reivindicación de Émile Benveniste"

MÉRCORES 26 DE MARZO (16:00 -18:00)
—SALÓN DE ACTOS—

*Conferencia*
**Dra. Elena María Pérez Campos**
*(Universidad de La Habana)*

"Inteligencia emocional y comunicación eficaz"

XOVES 27 DE MARZO (16:00 -18:00)
—AULA 7—

*Conferencia*
**Dra. Elena María Pérez Campos**
*(Universidad de La Habana)*

"Algunas recetas de comunicación para resolver conflictos"

VENERES 28 DE MARZO (11:00 -14:00)
—AULA 22—

*Seminario*
**Dra. Elena María Pérez Campos**
*(Universidad de La Habana)*

"Presentación de información en la investigación"